



## Certificado

---

M<sup>a</sup> Pilar Cela Alvarez, Secretaria Accidental do Concello de Oleiros (A Coruña),

### CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Oleiros, que tivo lugar o día 26 de xaneiro do 2017, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

Punto 2.- Desestimación da alegación presentada no expediente de “Modificación Puntual do Plan Parcial SUNP I-33R en Iñas” e aprobación definitiva do mesmo.

“Por Resolución nº 3089/16 de 8 de agosto, aprobouse inicialmente con condicións o documento de MODIFICACION PUNTUAL DO PLAN PARCIAL SUNP-I-33-R, IÑAS-OLEIROS.

Expúxose ao público por prazo de dous meses anunciándose así no xornal “La Voz de Galicia” de 12 de agosto de 2016 e no DOG nº 157 de 22 de agosto de 2016. Tamen se notificou aos titulares de bens dentro do sector, presentándose alegación por URBE ACTIVA 2000, S.L. o día 24.10.2016 a través da Delegación do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, e no Concello o día 26.10.2016 nº 16192.

Polo arquitecto municipal emitíuse informe á alegación o 16.11.2016 co seguinte contido:

“INFORME URBANISTICO AO RESULTADO DA INFORMACIÓN PÚBLICA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN PARCIAL DO SUNP-I-33-R DO SOLO INDUSTRIAL DE IÑAS.

Con data 08.08.2016 por Resolución nº 3089 apróbase inicialmente o documento nº 10151 de 07.07.2016 de Modificación Puntual do Plan Parcial do SUNP-I-33-R do Solo Industrial de Iñas, someténdose a un período de dous meses mediante anuncio no DOG nº157 de 22.08.2016 e publicación nun xornal dos de maior difusión na Provincia (La Voz de Galicia 12.08.2016).

Notificouse ademais ó titulares catastrais das parcelas no interior do ámbito e se solicitou informe a Augas de Galicia en relación co Rego da Cova e a Administración de Estradas do Estado en relación coa estrada N-VI.

Resultado deste proceso de información pública tan só se ten rexistrada unha alegación ó documento:

José Ramón Talín Mariño en nome e representación de “URBE ACTIVA 2000, S.L.”

Nº de rexistro de entrada: 16192.

En relación con esta alegación infórmase o seguinte.

A alegación mostra a súa oposición ó proxecto alegando diversos aspectos:

1. Ausencia de xustificación das razóns de interese público.
2. Falta dun mapa de riscos naturais do ámbito.
3. Diminución da reserva de prazas de aparcamento no interior da parcela.
4. Insuficiencia do Estudio Económico do documento.
5. Necesidade de modificación do proxecto de Reparcelación.
6. Incumprimento de la Normativa sectorial de augas.



7. Erro material no epígrafe 5.3.

En relación con cada uno de estes aspectos infórmase o seguinte:

Primeiro: Xustificación das razóns de interese público.

É claro que o obxectivo da modificación proposta é executar un novo acceso ó Polígono de Iñás dende a estrada N-VI. Este acceso dará servizo non só á parcela 7.1, propiedade do promotor da iniciativa, senón a tódalas demais parcelas e actividades localizadas no ámbito.

O certo é que o acceso ó polígono dende esta estrada N-VI prodúcese nun punto no cal a proximidade das edificacións existentes no fronte da Estrada non permiten unha excesiva anticipación polo condutor. A existencia dunha segunda entrada algo máis adiante, facilitará o acceso ó Polígono a un maior nº de usuarios ofrecéndolles unha segunda oportunidade.

Non parece polo tanto cuestionable a utilidade pública e interese desta opción dunha segunda entrada que beneficiará ó conxunto do ámbito.

Segundo: Falta dun mapa de riscos naturais do ámbito.

A modificación que agora nos ocupa ten un carácter limitado á formalización dun novo acceso ó ámbito xa urbanizado. O ámbito completo está urbanizado e en parte edificado mantendo o uso industrial comercial dende xa hai anos. Trátase dun solo urbano consolidado polo planeamento dende o ano 2003.

O citado artigo 22 da lei 7/2015 “*Evaluación y seguimiento de la sostenibilidad del desarrollo urbano, y garantía de la viabilidad técnica y económica de las actuaciones sobre el medio urbano.*” Inclúe a necesidade dun mapa de riscos naturais na lóxica de evitar usos e actividades en solos nos que exista algún risco natural que poña en perigo os usuarios ou a propia actividade.

Carece de toda lóxica pensar que para unha simple modificación dun ámbito dun polígono industrial xa en funcionamento se deba esixir dita documentación.

Terceiro: Diminución da reserva de prazas de aparcamento no interior da parcela.

A diminución de prazas de aparcamento dentro da parcela 7.1 sobre as existentes, non afectan ó documento do Plan Parcial senón a actividade comercial existente na parcela 7.1. Non é polo tanto inconveniente para a aprobación da modificación, se ben existe espazo na parte de parcela destinada a aparcamento do uso comercial para dar cabida ás 6 prazas de aparcamento precisas para cumprir co estándar de 1 praza por cada 25 metros cadrados do uso comercial. Este extremo deberá acreditarse no momento de executala obra do novo acceso e do axuste da parcela 7.1.

Cuarto: Insuficiencia do Estudio Económico do documento.

Deberá completarse o estudo económico ponderando o posible gasto que supoña o mantemento destes 405 m<sup>2</sup> de vial. En todo caso dentro da superficie viaria a manter supón unha repercusión mínima.

Quinto: Normativa sectorial acústica.

O Plan parcial que se modifica non tiña elaborada zonificación acústica algunha ó ser a súa redacción anterior a dita esixencia da lei 13/2007, en consecuencia non parece lóxico esixir a elaboración dunha zonificación acústica limitada a este ámbito da modificación.

Ademais débese ter en conta que a modificación proposta non produce ningún cambio de uso no polígono que mantén as súa actividade; límitase a establecer un uso de viario sobre parte dunha parcela que agora ten uso comercial / industrial polo que non ten repercusión significativa sobre a contaminación acústica.

Sexto: Normativa Sectorial de augas.

O documento do plan parcial vixente cando foi aprobado tivo os preceptivos informes preceptivos da administración de augas de Galicia.

De igual xeito esta modificación puntual para a súa aprobación inicial foi remitida para o seu informe á administración de Augas de Galicia.

Ademais esta zona non está declarada como area de risco potencial de inundación.

Sétimo: Erro no cadro 5.3 da Memoria.

Detéctase a existencia dun erro material no cadro 5.3 “Cuadro resumen de superficies”.

